



Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

Índice

1. Introducción	3
1.1. Datos básicos do centro	3
1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro	3
1.3. Breve xustificación do mesmo	5
1.4. Proceso de elaboración	6
2. Situación de partida	7
2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais	7
2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO	8
2.3. Análise DAFO	9
3. Plan de Acción	11
3.1. Obxectivos, indicadores e acción	11
3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas	16
4. Avaliación do plan	16
5. Difusión do plan	18

1 Introducción

1.1 Datos básicos do centro

O conservatorio profesional de música de Santiago de Compostela está situado na rúa Monte dous Postes, s/n.

É un edificio de nova creación, construído en 2004, arquitectonicamente moi vistoso, e con moita luz pero moi reducido para a demanda existente neste momento. Depende organicamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e nel impártense as materias de grao elemental e profesional que están reguladas nos Decretos 198/2007 e 203/2007 polos que se establece a ordenación dos respectivos graos das ensinanzas de réxime especial de música.

O Claustro de Profesorado do Conservatorio está formado por un total de 57 profesoras/es e ten un total de 500 alumnos/as.

A dirección de contacto do centro é: cmus.santiago@edu.xunta.gal

A páxina web do centro é: <https://www.conservatoriosantiago.gal/>

1.2 Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Santiago de Compostela é unha cidade de tamaño medio, se miramos unicamente ao seu padrón de habitantes, uns 95.000, cunhas peculiaridades que a fan diferenciarse doutras cidades galegas cunha poboación similar: a súa condición de Capital da Comunidade Autónoma, o que a converte nunha cidade de servizos, coexistindo cunha área de influencia ampla que ten unha forte presenza rural.

A súa realidade histórica como cidade universitaria de referencia en Galicia, o que incrementa a condición de cidade de servizos, pero tamén trae consigo unha forte presenza estudantil non permanente, que non computa a efectos oficiais, pero si demanda servizos e espazos educativos. A crecente consideración internacional da cidade como destino turístico de importancia histórica; o que implica a organización e presenza na mesma de todas as infraestruturas que representen a cultura e a tradición, tamén e moi por suposto a musical.

Deses datos anteriores extraíse tres consecuencias básicas: A conciencia pública de “cidade cultural”, realidade que é consecuencia tanto da presenza institucional como do peso histórico da universidade ou o arcebispado e as súas celebracións e rituais, máis tamén dunha forte presenza da xuventude “creadora” e “demandante” de todas as manifestacións culturais posibles, demanda que non só debe entenderse como de consumo, senón mesmo de formación e práctica.

A tradición da cidade como centro neurálxico dunha ampla zona xeográfica, e como consecuencia, Santiago de Compostela é unha cidade que só pode considerarse dentro dunha ampla e variada contorna, que existe unha influencia radial de grande peso nos concellos máis achegados, pero que chega a alcanzar a toda Galicia pola súa condición de centralidade administrativa e xeográfica. Por outra parte, a poboación desta contorna, e da propia cidade, a súa dependencia do sector servizos e a existencia dun sector económico moi estable, fai que as expectativas familiares en canto á formación dos seus fillos e fillas inclúan o aspecto musical, e que o inclúan como formación regulada e oficial.

Por outro lado, este plan dixital se articula dentro do punto 10 do PEC, o Plan de utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, no que se resalta a importancia da integración das mesmas no proceso de ensinanza-aprendizaxe levado a cabo no centro. Con este Plan Dixital, preténdese recoller as necesidades da comunidade educativa a este respecto e os obxectivos a curto e longo prazo para a progresiva normalización do emprego das tecnoloxías na actividade regular do centro.

O PDC aparecerá como punto importante na Programación Xeral Anual do curso 22/23, non só de maneira individual pola importancia da súa implementación, a consecución dos obxectivos e a avaliación da eficacia dos mesmos, senón de maneira transversal na actividade dos distintos departamentos e como reforzo a outros plans e programas de innovación, como é o caso da sección bilingüe, xa en funcionamento dende fai varios anos no centro.

1.3 Breve xustificación do mesmo

A LOE establece no seu artigo 111 bis o marco no que se desenvolverá o traballo coas Tecnoloxías da Información e a Comunicación no noso sistema educativo:

- Regula as condicións nas que se debe desenvolver a xestión dos datos académicos do alumnado de xeito que se cumpran os protocolos de protección de datos e se empreguen formatos que garantan a interoperabilidade entre os diferentes sistemas empregados no sistema educativo estatal.
- Regula a existencia dos contornos virtuais de aprendizaxe, as características destes e o seu emprego dentro da vida académica.
- Faise referencia á necesidade de que as diferentes administracións educativas promovan o emprego das tecnoloxías da información e a Comunicación como método axeitado e valioso para levar a cabo tarefas de ensino e aprendizaxe procurando a eliminación de condutas de risco.
- Regula os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado de xeito que se facilite a implantación dunha cultura dixital nas aulas.

E remata declarando que as administracións educativas velarán polo acceso de todo o alumnado aos recursos dixitais precisos que garantan a igualdade de oportunidades entre todos os escolares

No seu artigo 121 no que se regula o Proxecto Educativo de Centro, incídese tamén na necesidade de que este recolla a estratexia dixital de cada centro de acordo co establecido no artigo 111 bis.

Xa no seu artigo 132, no marco das competencias das direccións dos centros, fálase de promover a innovación e a experimentación para acadar os obxectivos do PEC.

Na resolución de 3 de setembro de 2021 establécense as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia, así como definir os principios, obxectivos e referentes que o deben guiar.

Defínense o proceso de redacción, a temporalización, o sistema de coordinación e determínanse os recursos que se van empregar neste proceso.

1.4 Proceso de elaboración

O proceso de elaboración do presente PDC encádrase na Resolución de 3 de setembro de 2021 na que se establecen as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos.

Con tal obxecto e, sempre dentro do marco das instrucións recibidas da Administración educativa, no mes de setembro solicitouse ao CAFI a realización dun PFPP sobre a Elaboración do Plan Dixital. Constituíuse un equipo e nomeouse unha persoa encargada da súa coordinación. Coa creación da Rede Galega de Educación Dixital no mes de novembro e o posterior proceso de mentorización dos centros de Galicia iniciouse o procedemento de elaboración do plan dixital.

Realizouse unha diagnose para coñecer o estado do proceso de implementación da tecnoloxía no noso centro para establecer o punto de partida fiable e acadable. Esta diagnose baseouse en dúas ferramentas:

- O SELFIE, ferramenta elaborada pola Comisión Europea que ten como obxectivo achegarse á realidade partindo das opinións de toda a comunidade educativa: equipos directivos, profesorado e alumnado maior de 9 anos.
- O test de CDD para coñecer o nivel de competencia dixital do profesorado do centro. Esta enquisa non foi do agrado dunha gran parte do profesorado xa que a consideraba pouco adaptada á realidade do noso entorno de traballo. Ademais, os seus resultados non nos deron unha información especialmente relevante para deseñar un plan de acción axeitado.

A seguinte fase da diagnose consistiu nunha análise DAFO¹ na que se detectaron as debilidades e ameazas para tratar de corrixilas coas fortalezas e oportunidades ao mesmo tempo que se propón manter aqueles aspectos positivos para a partir de aí elaborar unha estratexia dixital. A realización da análise DAFO foi un proceso de debate dentro do equipo do PDC no que cada membro aportou ás súas opinións en función da realidade do noso centro e das nosas ensinanzas.

Tras a realización deste DAFO, o equipo do PDC pasou a acordar uns obxectivos para mellorar progresivamente a situación do centro en canto á presenza e emprego das tecnoloxías. Estes obxectivos formuláronse tendo en conta a realidade da nosa actividade docente, o estado actual do

¹ DAFO: Debilidades, Ameazas, Fortalezas, Oportunidades.

centro en canto a recursos dixitais e a maior ou menor pertinencia da presenza da tecnoloxía en certas áreas dos procesos de ensino-aprendizaxe.

Unha vez claros os obxectivos a curto e medio prazo, o equipo do PDC estruturou unhas accións para o próximo curso 22/23 co fin de implementar eses obxectivos e poder avaliar o grao de consecución dos mesmos desde a coordinación TIC. Estas accións e obxectivos constitúen a pedra angular do Plan Dixital de Centro e o apartado onde é fundamental lograr a maior implicación posible dos membros do claustro.

2 Situación de partida

2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O Conservatorio dispón de proxectores e pantallas dixitais na maioría de aulas de materias non instrumentais, dispón de equipos de audio en todas as aulas a disposición do profesorado, de conexión de datos a internet a través de cable ou wifi nas aulas, de ordenadores nas aulas de materias non instrumentais, de unha aula de novas tecnoloxías dotada con 15 ordenadores para dita materia e dispón de unha biblioteca con ordenadores e acceso a internet, onde o alumnado pode acceder de xeito gratuíto a todas as necesidades que teña de busca de información, partituras, consultas sobre outros centros, visionado de videos, busca de materiais de historia ou organolóxicos, etc. Tamén dispón de un equipo de gravación de audio e video no Auditorio para a realización de gravacións a disposición do profesorado do Centro.

Recentemente o Conservatorio actualizou a conexión wifi có a implantación da rede “edu.xunta.es”, rede de maior calidade que ofrece un servizo mais áxil e fiable.

O Conservatorio conta con unha páxina web dende a cal se pode acceder a toda a información do Centro, que se actualiza constantemente, e na que se pode acceder particularmente a información sobre as programacións didácticas, calendario escolar, probas de acceso, cursos, concertos, etc. O Conservatorio tamén conta con unha pantalla na sala principal dende a que se fornece información e difusión das actividades do centro.

Finalmente, o centro dispón de contas nas redes sociais de Facebook, YouTube e Instagram para facerse eco da actividade pedagóxica e escénica da súa comunidade educativa así como para compartir información, curiosidades e recursos pedagóxicos de interese.

2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

As puntuación do resumo dos resultados do SELFIE teñen unha marxe de 0 ata 5 puntos.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.					3.1
	Profesorado					2.5
	Alumnado					-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.					2.7
	Profesorado					2
	Alumnado					2.3
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.					2.6
	Profesorado					2.2
	Alumnado					2.8
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.					3.5
	Profesorado					2.9
	Alumnado					-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.					3.3
	Profesorado					3.6
	Alumnado					3.8
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.					2.8
	Profesorado					2.8
	Alumnado					2.6
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.					2.7
	Profesorado					2.5
	Alumnado					2.5
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.					2.8
	Profesorado					2.4
	Alumnado					2.5

Resumo do informe grupal do TEST de Competencia Dixital Docente do CMUS:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	15	43	34,9%
PROVISIONAL	3	10	30%
INTERINO	2	7	28,6%
SUBSTITUTO	3	8	37,5%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
68,3	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador7a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	3	13%
A2	7	30,4%
B1	10	43,5%
B2	3	13%
C1	--	--
C2	--	--
TOTAL	23	99,9%

2.3 Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C3 Bo acceso a internet para a comunidade educativa.	C1 Falta dun rexistro electrónico do uso dos espazos do centro. C1 necesidade dun software que permita a matriculación en liña do alumnado.
	PERSOAL DOCENTE	E1 Procura frecuente de recursos educativos en liña; D2 realización de formación sobre o emprego das tecnoloxías no proceso de aprendizaxe e ensino. E4 Emprego das tecnoloxías e os espazos dixitais para a comunicación cos membros da comunidade educativa.	A4 Falta de tempo para explorar o ensino dixital; B1 Insuficiente emprego de ferramentas tecnolóxicas na autoavaliación do profesorado; F5 Emprego insuficiente das tecnoloxías para o traballo grupal do alumnado G7 Pouca presenza dos espazos dixitais para o intercambio de comentarios entre o alumnado G1 Pouca presenza das tecnoloxías na avaliación G5, Emprego da tecnoloxía para a autoavaliación. E2 escasa creación de recursos dixitais; E3 pouca utilización dos espazos virtuais para documentar a aprendizaxe

	PERSOAL NON DOCENTE	_____	_____
	ALUMNADO	H8/H10 Aprendizaxe de habilidades de comunicación y respecto a través do uso das tecnoloxías e os recursos dixitais.	H15 Pouca utilización das tecnoloxías para a orientación laboral do alumnado
	FAMILIAS	_____	_____
	OFERTA	_____	_____
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A3 Fomento por parte do equipo directivo das oportunidades de formación en materia de ferramentas e recursos dixitais para o profesorado. E3, Aproveitar a presenza de entornos virtuais de aprendizaxe no centro para promover un maior emprego dos mesmos nas aulas; D3, crear un espazo de diálogo para o intercambio de dúbidas e ideas entre o profesorado.	A1 Carencia de estratexia dixital

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	A3 Apoio e fomento de novas modalidades de ensino por parte de la administración educativa; C16 enriquecer os fondos das bibliotecas e repositorios dixitais do centro.	C7 Fomento insuficiente do emprego seguro das tecnoloxías por parte do alumnado. C8 Escasa dotación de equipos e dispositivos dixitais para o centro.
	LEXISLACIÓN	A3 Promover o emprego de metodoloxías baseadas nas novas tecnoloxías; A5 coñecemento das normas do emprego responsable das licenzas dixitais.	_____
	CONTORNA	_____	C11, C12 Falta de coñecemento da posible fenda dixital no alumnado do centro.

	ANPA	C16 Ferramentas para a dixitalización do banco de libros do centro. C12, H Realización de cursos de actualización dixital para familias e alumnado	
	OUTRAS ENTIDADES	B3 Fomentar o emprego das tecnoloxías nas colaboracións xa establecidas con outras entidades.	C1 imposibilidade de participar en cursos o eventos organizados por outras entidades por no contar coa infraestrutura apropiada.

3 Plan de Acción

3.1 Obxectivos, indicadores e acción

A continuación, preséntanse unhas táboas nas que se recollen tres obxectivos fundamentais para levar a cabo durante o curso 22/23. Con eles preténdese comezar a andaina do Plan Dixital do Centro, sentar unhas bases sólidas sobre as que cimentar a infraestrutura dixital e a competencia dixital docente, así como estruturar as accións necesarias para levar todo isto a cabo con éxito e coa maior utilidade posible para a actividade pedagóxica do centro.

“Área/s de mellora”: D: Desarrollo profesional continuo.							
1	OBXECTIVO (1):	Mellorar a competencia dixital do profesorado en ferramentas de uso habitual na práctica educativa.				Acadado	
	RESPONSABLE:	Vicedirección / Equipo Tics				Non acadado	
	INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nivel de participación nas actividades de formación.					
	Valor de partida (3)	2 cursos ao ano sobre tecnoloxías, cunha asistencia dun 20% do profesorado.					
	Valor previsto e data (4)	Realización dun 50% da actividade formativa polo menos dun 30% do profesorado. 1/06/2023					
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO1.1: Ponencia sobre as posibilidades do emprego da tecnoloxía na aula para fomentar a motivación e sensibilización ao respecto do profesorado	Equipo TICS	3/3/2023	Espazo para a charla CAFI / Ponente profesional		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Curso iniciación á dixitalización da aula	Equipo TICS	1/6/2023	Espazo para a realización do curso CAFI /Ponente profesional		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Curso ferramentas dixitais para la docencia	Equipo TICS	1/6/2023	Espazo para la realización do curso CAFI /Ponente profesional		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.4: Curso aplicación das novas tecnoloxías na metodoloxía de aula	Equipo TICS	1/6/2023	Espazo para la realización do curso CAFI /Ponente profesional		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

“Área/s de mellora”: C: infraestructuras e equipamiento.							
1	OBXECTIVO (1):	Continuar o proceso de catalogación dos fondos e dinamizar o funcionamento da biblioteca do centro.				Acadado	
	RESPONSABLE:	Responsable da biblioteca / Equipo directivo				Non acadado	
	INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nivel de catalogación dos fondos bibliográficos, funcionamento do sistema de préstamo e subscrición.					
	Valor de partida (3)	5% do material catalogado					
	Valor previsto e data (4)	O 30% dos fondos están dixitalizados e implementouse un sistema operativo de xestión de préstamo. 1/06/2023					
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO2.1: Continuar o proceso de catalogación de, ao menos, o 30% do material existente na biblioteca	Responsable da biblioteca / Equipo TIC	1/06/2023	Software facilitado pola XUNTA Equipos informáticos		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.2: Conformar un sistema de préstamo dixital operativo para alumnado e profesorado	Responsable da biblioteca / Equipo TIC	1/06/2023	Software apropiado Equipos informáticos		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.3: Dinamizar a biblioteca fomentando o uso de aplicacións con subscrición de contido musical, pedagóxico e audiovisual	Responsable da biblioteca / Equipo TIC	1/06/2023	Subscricións dixitais Equipos informáticos Auriculares		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

“Área/s de mellora”: C: infraestructuras y equipamiento							
1	OBXECTIVO (1):	Solicitar da administración educativa competente o material tecnolóxico requirido para posibilitar a necesaria dixitalización do centro tanto a profesorado como a alumnado.				Acadado	
	RESPONSABLE:	Xunta de Galicia				Non acadado	
	INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Cantidade de equipamento tecnolóxico recibido e a súa adecuación as necesidades do centro.					
	Valor de partida (3)	10% dispositivos dixitais e/o electrónicos no centro					
	Valor previsto e data (4)	50% de dispositivos dixitais e/o electrónicos necesarios para o emprego en espazos comúns, de consulta e nas clases no instrumentais.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO3.1: Determinar as necesidades de material do centro	Profesorado	Outubro 2022	Inventario de material		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.2: Solicitar da administración o material que se considera máis necesario para a correcta implementación do Plan Dixital do Centro	Equipo Directivo	Novembro de 2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
					Aprazada		
					Pendente		

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnológicas

Material informático e hardware

Neste apartado enuméranse as ferramentas básicas para desenvolver os procesos de ensino e para dixitalizar a actividade pedagóxica do centro.

- Pantallas multimedia para impartir as clases colectivas instrumentais e non instrumentais.
- Tablets para o uso do alumnado e profesorado dentro da actividade do centro.
- Portátiles para o uso do alumnado e profesorado dentro da actividade do centro.
- Proxectores para impartir as clases e actividade docente.

Conectividade e servizos

Centralizar a información do seguimento do alumnado e dispor dun arquivo multimedia das actividades do centro

- Un servidor

Material de son e tecnoloxía musical

Ferramentas específicas para o desenvolvemento axeitado das actividades da ensinanza musical e as súas particularidades

- Micrófonos para gravar concertos, actividade de aula e actividade escénica do centro.
- Teclados midi para a dixitalización de partituras e para o apoio dos procesos compositivos.
- Altavoces bluetooth para facilitar a escoita de gravacións, de música e dos resultados das distintas materias.
- Bafles para a amplificación do son dos instrumentos.
- Micrófonos inalámbricos para facilitar a posta en escena de concertos, espectáculos, conferencias, etc.
- Auriculares para facilitar o traballo individualizado na aula e na biblioteca do centro.

4 Avaliación do plan

O Plan Dixital de Centro é un documento que serve como guía e referencia para un proceso a longo prazo que involucra a toda a comunidade educativa. Por isto, é importante a súa revisión periódica, a súa avaliación e a realización dos reaxustes que se consideren oportunos.

O equipo de dinamización do PDC realizará reunións periódicas nas que se reflexionará sobre o grao de consecución dos indicadores de logro dos distintos obxectivos e accións reflexados no presente texto. Ademais, estarán en constante contacto co conxunto do claustro para recibir a maior cantidade de información posible sobre o sentir dos seus membros, as súas opinións as súas suxestións, de maneira que o PDC sexa un elemento eficaz e resolutivo.

En estas reunións, o equipo de dinamización do PDC avaliará polo menos unha vez ao trimestre a implementación do PDC e o grao de consecución dos obxectivos propostos. Neste contexto poderemos falar de dous tipos de avaliación: unha procesual e outra final.

A avaliación procesual toma como referencia as datas recollidas no Plan de Acción do apartado 3.1 deste documento e farase de acordo ca seguinte temporalización:

TRIMESTRE	ACCIÓN	DATA
Primeiro	AO1.2	Outubro
	AO1.3	Final do trimestre
	AO1.4	Final do trimestre
	AO2.1	Outubro
	AO2.2	Outubro
	AO2.3	Outubro
	AO3.1	Outubro
	AO3.2	Outubro
Segundo	AO1.1	Final do trimestre
	AO1.2	Final do trimestre
	AO1.3	Final do trimestre
	AO1.4	Final do trimestre
	AO2.1	Xaneiro
	AO2.2	Xaneiro
	AO2.3	Xaneiro
Terceiro	AO1.2	Final do trimestre
	AO1.3	Final do trimestre
	AO1.4	Final do trimestre
	AO2.1	Final do trimestre

	A02.2	Final do trimestre
	A02.3	Final do trimestre

Ao remate de curso , farase unha avaliación final na que se terán en conta os resultados do proceso ao longo de todo o curso e se planificarán as accións requiridas para, no seu caso, corrixir aspectos que non funcionaron axeitadamente.

5 Difusión do plan

O presente Plan dixital, unha vez aprobado polo claustro e consello escolar, difundirase a través da web do centro o mesmo que os demais documentos oficiais, para coñecemento de toda a comunidade educativa.

O inicio do curso 22/23 será preciso facer unha presentación do mesmo ao profesorado que chegue novo ao centro así como lembrarlle os seus contidos ao resto do claustro.